

FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

INFORME DE AUDITORÍA CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ANUAL
REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2017



INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDENTE

Ao Padroado da "FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE"

Opinión

Temos auditado as contas anuais abreviadas achegadas pola FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE (a Fundación), que comprenden o balance abreviado a 31 de decembro de 2017, a conta de resultados abreviada e a memoria abreviada correspondente ao exercicio rematado en dita data.

Na nosa opinión, as contas anuais achegadas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Fundación a 31 de decembro de 2017, así como dos seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio rematado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2 da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

Fundamento da opinión

Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas describíense máis adiante na sección Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais do noso informe.

Somos independentes da Fundación de conformidade cos requirimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría das contas anuais en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servizos distintos aos da auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen á necesaria independencia de modo que se viu comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión.

Aspectos máis relevantes da auditoría

Os aspectos máis relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estas, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.

- Concesión demanial sobre parcela e edificación:

Con data de maio de 2017 procedeuse a conceder a concesión demanial da parcela e edificación na que se sitúa a Fundación, sendo o devandito inmovilizado propiedade da Xunta de Galicia. A concesión foi realizada por un prazo de 25 anos prorrogables, pola Consellería do Medio Rural. O adecuado rexistro do inmovilizado descrito considerouse como un dos aspectos máis relevantes para a nosa auditoría.

Os procedementos de auditoría aplicados, entre outros, consistiron nunha combinación de procedementos de verificación sobre os documentos relevantes relacionados co rexistro da operación de maneira que a operativa sexa correcta coas normas de contabilidade e auditoría. Conxuntamente realizáronse procedementos substantivos, tales como o cálculo da amortización aplicada así como o correcto rexistro e valoración no activo da Fundación. Verificando que a operación rexistrouse adecuadamente a efectos contables reflectindo a súa imaxe fiel.

Nas notas 4, 5, 11 e 15 da memoria que se achega inclúense a información complementaria relativa ao devandito aspecto relevante da auditoría.

Responsabilidade da Comisión Permanente do Padroado en relación coas contas anuais abreviadas

A Dirección da Fundación é responsable de formular as contas anuais que se achegan, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, a Dirección é responsable da valoración da capacidade da Fundación para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se a comisión permanente do padroado ten intención de liquidar a Fundación ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión. Seguridade razoable é un alto grao de seguridade pero non garante que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e considéranse materiais se, individualmente ou de forma agregada,



pode preverse razoablemente que influán nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder aos devanditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso dunha incorrección material debida a erro, xa que a fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razoabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polos administradores.
- Concluimos sobre se é adecuada a utilización, polos administradores, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poden xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da Fundación para continuar como empresa en funcionamento. Se concluimos que existe unha incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais ou, se ditas revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Con todo, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que a Fundación deixe de ser unha empresa en funcionamento.
- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída a información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos cos administradores da entidade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría.

Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación aos administradores da entidade, determinamos os que foron da maior significatividade na auditoría das

David Martínez
Auditor



contas anuais do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Descubrimos eses riscos no noso informe de auditoría salvo que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar publicamente a cuestión.

David Martínez Alonso

(Nº ROAC – 18540)



25 de xuño do 2018



MARTINEZ ALONSO DAVID

2018 Núm. 04/18/00774

96,00 EUR

SELLO CORPORATIVO:
Informe de auditoría de cuentas sujeto
a la normativa de auditoría de cuentas
española o internacional

FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

**BALANCE DE SITUACIÓN CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ANUAL
REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2017**





BALANCE PEMESFL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO PECHADO A 31 DE DECEMBRO DE 2017

Entidade: FUNDACION CENTRO TECNOLOXICO DA CARNE

NIF: G32273427

Cadro BALANCE

especificar a unidade utilizada (euros, miles de euros ou millóns de euros): euros

información referida ao periodo:	Notas memoria	2017	2016
A) ACTIVO NON CORRENTE			
Inmovilizado intanxible.	4.1, 5	4.994,10	7.027,22
Inmovilizado material	4.2, 5	4.608.601,70	1.052.515,53
Investimentos financeiros a longo prazo.	4.4, 6	2.085,28	2.085,28
B) ACTIVO CORRENTE			
Debedores comerciais e outras contas a cobrar.	4.4, 6, 9	2.783.927,34	1.105.555,17
Periodificaci3ns a curto prazo.	13	5.657,35	9.801,35
Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.	4.4, 6	1.499.368,94	1.228.627,49
TOTAL ACTIVO (A+B)		8.904.634,71	3.405.612,04
A) PATRIMONIO NETO			
A-1) Fondos propios.	9	583.217,25	623.116,07
Dotacion fundacional		300.010,12	300.010,12
Dotaci3n fundacional/Fondo social		300.010,12	300.010,12
Reservas.		58.861,62	7.922,61
Excedentes de exercicios anteriores.		259.246,65	259.246,65
Excedente do exercicio	3	-34.901,14	55.936,69
A.2) Subvencions, doazons e legados recibidos.	4.9, 11	4.879.920,79	1.321.532,68
B) PASIVO NON CORRENTE.			
Debedas a longo prazo.		447.218,74	330.611,90
Outras debedas a longo prazo.	7, 12	447.218,74	330.611,90
C) PASIVO CORRENTE			
Provisions a curto prazo.	4.8	0,00	9.624,91
II. Debedas a curto prazo.		2.897.389,78	984.548,38
Debedas con entidades de crédito.	4.4, 7	849.679,95	850.067,73
Outras debedas a curto prazo.	4.4, 7, 12	2.047.709,83	134.480,65
IV. Acreedores comerciais e outras contas a pagar.	4.4, 7, 10	96.888,15	136.178,10
Proveedores.		1.132,59	30.205,87
Outros acreedores.		95.755,56	105.972,23
TOTAL PATRIMONIO NETO/E PASIVO (A+B+C)		8.904.634,71	3.405.612,04

FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

CONTA DE PÉRDAS E GANANCIAS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO
ANUAL REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2017





CONTA DE RESULTADOS PEMESFL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO PECHADO AO 31 DE DECEMBRO DE 2017

Entidade: **FUNDACION CENTRO TECNOLOXICO DA CARNE**

NIF: **G32273427**

especificar unidade utilizada (euros, miles de euros o millones de euros): euros

	NOTAS da MEMORIA	(Debe) Haber	
		2017	2016
A) Excedente del ejercicio			
Ingresos de la entidad por la actividad propia		2.289.278,45	1.975.950,12
Subvenciones donaciones y legados imputados al excedente del ejercicio	4.9, 10.7, 11	2.289.278,45	1.975.950,12
Reintegro de ayudas y asignaciones			
Ventas y otros ingresos de la actividad mercantil	10.8	385.808,51	264.924,48
Aprovisionamientos	10.1	-1.118.239,39	-754.276,43
Otros ingresos de la actividad	10.8	38,74	26.985,20
Gastos de personal	4.10, 10.2	-1.048.718,63	-852.139,60
Otros gastos de la actividad	4.3, 10.4	-538.976,04	-597.664,43
Amortización del inmovilizado	5, 10.3	-199.586,82	-144.915,56
Subvenciones, donaciones y legados de capital traspasados al excedente del ejercicio	4.9, 10.7, 11	197.460,54	136.961,04
Excesos de provisiones			11,72
Deterioro y resultado por enajenaciones del inmovilizado		-2.351,55	
EXCEDENTE DE LA ACTIVIDAD		-35.286,19	55.836,54
Ingresos financieros	10.8	412,61	269,05
Gastos financieros	10.5	-27,56	-147,18
Diferencias de cambio	4.6,15.2		-21,72
EXCEDENTE DE LAS OPERACIONES FINANCIERAS		385,05	100,15
EXCEDENTE ANTES DE IMPUESTOS		-34.901,14	55.936,69
Impuestos sobre beneficios	4.7, 9, 10.6		0,00
Variación del patrimonio neto reconocida en el excedente del ejercicio	3	-34.901,14	55.936,69

** Su signo puede ser positivo o negativo